

segundo
ADRAL

Xosé Filgueira Valverde



Edici3s do Castro / ensaio

64. DOS MUIÑOS.

O muiño, o canastro, o carro, o arado, a lancha, o tear..., rexos esteos da cultura material do pobo, nunca ben coñecida, que devece e dexaga, sin que acadamos o xeito de facela perdurar.

Pños, muiños de man e rabiles andan derramados polos alpendres; que xa ninguén fai uso deles. Pecháronse fai moito as mellores «aceas da maré» e van caíndo, xa tristes pardiñeiros, os que onte eran ledos batáns cantareiros nos nosos ríos. «Molinos picarescos, telares campesinos —cantan el viejo salmo del pan y de los linos», Lembrábanlle a Valle Inclán, ca parra na entrada, vellas historias sagras. «Toc, toc, toc, da vueltas la muela» di no seu «Son de muiñeira», apreixando as liñas da cantiga e do conto, da bailada e do traballo que o muiño espalla.

Estes muiños de rodezno podían, a un tempo, levar a ufanía de se contar antre as formas máis vellas e populares de cantos move a iauga —leede a Haberland— e a de ter, sendo tan nosos, fortes somellanzas cos de lonxes terras, cos de Albania, poñamos por caso. Máis pódense tamén ufanar de dar testemuña ben garrida do senso de comunidade que agroma na vida agraria e mariñeira de Galicia. O muiño comunal, ou «de veciños», fala da solidaridade, do respecto ás veceiras e aos roteos, ás noxentas camiñatas, ás velas, ao servizo antre os compañeiros...

Cada muiño era un tesouro. Penso agora en Don Pedro Fernández de Castro, o mecenas de Cervantes, que axudóu tanto aos homs de letras. Non conozo carta súa en que se gabe dos tesouros que trouxo do Virreinato de Nápoles; en troques, escribóu a Ar-

gensola sobre as pedras de muiño albar que levóu pra Monforte. Máis que calquera dos seus triunfos políticos, tiña en aprezo a fazaña de pasar as pedras, con ben, polos codos de Larouco.

Escomezamos a ter libros que falan das mostras máis enxebres da nosa cultura material. Conviña un, e moi longo, sobre o muiño, co seu feitío, a súa historia, os seus refráns, que os temos a centos, as súas cantigas, tan rexoubeiras, e tamén as historias e as lendas, e a «muiñeira»... que ten moitos louvores.

«Faro de Vigo», 5-XI-1978